

COMO ESCRIBIR EN GREGO NO ORDENADOR (EUCLIDES GP)

Hai moitas formas de escribir en grego no ordenador. Nun principio comezouse usando diferentes tipos de letra (graeca, greek, sgreek...) que se instalaban nas Fontes do sistema operativo do ordenador. Con este sistema pódese escribir comodamente en programas de procesamento de textos (word) e mesmo outros que permitan a elección dunha fonte (power point, corel...), pero non permite usar este tipo de escritura na web, onde non podemos elixir a fonte.

Actualmente creáronse controladores de teclado cos se pode escribir facilmente en grego antigo (grego politónico) usando fontes unicode (fontes estándar). Estas fontes unicode poden visualizarse en calquera ordenador, independentemente do software que se teña instalado, pero para poder escribir con elas cómodamente é necesaria a instalación dun controlador de teclado.

Hai diferentes controladores para escribir en grego: Sybilla, Euclides... que se poden descargar gratuitamente en internet e instalar no noso PC. Para descargar Euclides buscar en <http://www.ub.es/filologiagrega/electra/euclides/esp/index.htm> e seguir as instrucións para instalar. De contado veremos este icono  na nosa barra de ferramentas. Cando o abramos por primeira vez, á nosa dereita aparecerá a icona , que activaremos seguindo as instrucións do seguinte cadro e comezaremos a escribir:

Activar  / desactivar  Euclides GP: AltGr + espacio			
Letra grega	Tecla	Signos ortográficos e de puntuación	Tecla
α A	A	Acento agudo ´	´
β B	B	Acento grave `	`
γ Γ	G	Acento circumflexo ~	ñ
δ Δ	D	Espíritu áspero ´	<
ε E	E	Espíritu suave ´	>
ζ Z	Z	Iota subscrita α, η, ω	Alt Gr+ i
η H	H	Diérese ¨	¨
θ Θ	Q	Apóstrofo ´	´
ι I	I	Punto alto ·	:
κ K	K	Punto baixo .	.
λ Λ	L	Signo de interrogación ;	;
μ M	M		
ν N	N		
ξ Ξ	X		
ο O	O		
π Π	P		
ρ P	R		
σ Σ	S		
-ς	J		
τ T	T		
υ Υ	U		
φ Φ	F		
χ X	C		
ψ Ψ	Y		
ω Ω	W		